

MESA SECTORIAL: DECRETO E CONVOCATORIA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS

Santiago, 13 de abril de 2021

Na reunión da **Mesa Sectorial de Educación** celebrada no día de hoxe, tratouse o ANTEPROXECTO DE DECRETO polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Debemos manifestar en primeiro lugar que este Decreto xa tiña tempo de ser presentado ós sindicatos nas anteriores mesas sectoriais tendo en conta que as adaptacións que se fixeron pola aprobación da LOMLOE son mínimas. Evidentemente os tempos dos responsables da Consellería son outros e presentar este Decreto xunto coa Orde do calendario escolar e coa oferta de emprego pois fai que haxa cousas que pasan desapercibidas e que se intente centrar o debate máis na cuestión social e a súa repercusión que no que significa a modificación deste Decreto. Isto déixao de manifesto o propio borrador cando di que antes do día 1 de abril de cada ano se convocará e se especificará que centros quedarán vacantes a 30 de xuño.

Para FeSP-UGT este tampouco sería o decreto ideal xa que defendemos que sexan os centros cos seus órganos (Claustro e Consello Escolar) os que decidan quen debe ser o seu director ou directora. Non obstante, a lei ven a corrixir a falla de peso específico que tiñan estes dous órganos na elección da súa dirección. Os representantes do Claustro e do Consello Escolar suman 2/3 do total de representantes. Cremos que é unha medida que favorece a democratización dos centros e a asunción dun compromiso compartido pola comunidade educativa.

A pesares do avance que supón, cremos que se pode afondar aínda máis no decreto e tamén na orde que o desenrola.

Dende FeSP-UGT propoñemos o seguinte:

1. Eliminar do artigo 4.1a) ...incluído o corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional. Cremos que non é necesario facer esa apreciación. Aínda que sexa a extinguir non deixa de ser un corpo docente e como tal entendemos que ten ese dereito.
2. Eliminar a aclaración do apartado 4.1c) Reúne este requisito para presentar candidatura á dirección dos institutos de educación secundaria o persoal docente funcionario de carreira do corpo de mestres das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que desempeñasen funcións de atención á diversidade na educación secundaria durante, polo menos, cinco anos. Somos a única comunidade que fai esta distinción. Cremos que igual que no caso anterior, non está xustificado. Sabemos que este é un argumento que a Consellería de Educación empregou para que os Mestres de PT e AL deixasen de percibir o complemento de Secundaria e polo tanto ten que facer agora esta aclaración para podelos “habilitar” para presentarse.
3. Modificar o apartado 4.1e) posuír a certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre competencias para o desenvolvemento da función directiva, xa que a oferta de dito curso é menor á demanda. Polo tanto non ten sentido que sexa requisito en lugar de posterior obrigación.
4. Cambiar o artigo 5.1 facendo unha elección democrática de presidencia entre os membros da comisión de selección.
5. Modificar o artigo 7.1 a) e b) engadindo outro apartado no sentido seguinte: Entendemos que o persoal externo ó centro que participe na Comisión de Selección podería estar conformado por un inspector ou inspectora que exercerá a presidencia da Comisión; unha persoa que exerza a dirección nun centro de similares características; e un docente que cumpra como mínimo os requisitos establecidos no artigo 4 e que imparta docencia no mesmo tipo de centros. Entendemos que enriquece a visión que poida ter a propia comisión de selección á hora de valorar os proxectos que se presenten.
6. En canto ó baremo cremos que o peso que teñen no baremo determinados postos tales como o desempeño da subdirección ou xefaturas de servizo para concorrir á dirección do centro é cuestionable. Pedimos a eliminación deste apartado correspondente ao 2.3 do baremo. Entendemos tamén que os apartados 3.2 e 3.3 deberían estar unificados xa que na actualidade as licenciaturas equivalen aos graos.

7. Entendemos que a entrevista que a comisión de selección poderá solicitar a todo o profesorado candidato debe ser eliminada.

A Administración non apoia ningunha das nosas peticións !!!